



**Resolución de 16 de outubro de 2017 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se convocan 20 cursos de aprendizaxe permanente en acuicultura. Accións formativas financiadas nun 75% polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), na medida 2.5.1. no marco do Programa Operativo para España do FEMP 2014-2020.**

### Antecedentes

Debido á continua evolución do mundo da acuicultura, as iniciativas de investigación e innovación encamiñadas a aumentar a sustentabilidade e produtividade terán un gran protagonismo nos próximos anos, e as empresas terán que adaptarse a estes cambios dando resposta a novas necesidades formativas para o persoal traballador.

Neste contexto, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro considerou oportuno desenvolver, no ano 2016, unha enquisa de detección de necesidades formativas entre as empresas e organizacións do sector. A análise destas enquisas permitiu concluir que os temas máis demandados son: seguridade e hixiene no traballo, xestión da produción, reprodución e xenética, nutrición, patoloxía e xestión sanitaria, lexislación e xestión ambiental e comercialización.

Con estes antecedentes e traballos previos, a Consellería do Mar decide agora poñer en marcha un programa formativo que terá como eixo central a docencia sobre estas materias previamente recollidas na citada enquisa de necesidades formativas. O desenvolvemento destas accións formativas estará adaptado ao recollido nos criterios de selección específicos para as operacións aprobadas conforme ao artigo 50 do Regulamento FEMP, no apartado de requisitos para a selección de proxectos, no que se establece que poderán participar nas accións formativas "os traballadores asalariados do sector, autónomos vinculados á acuicultura, así como os conxuxes ou parellas de feito destes últimos".

Visto o exposto, e ao abeiro das súas competencias, esta dirección xeral RESOLVE:

Convocar 20 cursos de aprendizaxe permanente en acuicultura, a desenvolver baixo as seguintes condicións:

**Primeira.** Os cursos celebraranse preferentemente en xornada de tarde, e terán unha duración de 6 horas, distribuídos en dúas sesións de 3 horas cada unha. En cada curso haberá un máximo de 20 alumnos.

**Segunda.** O cursos desenvolveranse nos lugares e datas que se relacionan:

Código curso	Nome do curso	Destinatarios/as	Datas curso	Lugar de realización
Acui1701	Seguridade e hixiene no traballo en acuicultura.	Sector cultivo de moluscos.	2-3 de novembro	Instituto Galego de Formación en Acuicultura-Illa de Arousa
Acui1702	Seguridade e hixiene no traballo en acuicultura.	Sector cultivo de moluscos.	9-10 de novembro	Instituto Galego de Formación en Acuicultura-Illa de Arousa
Acui1703	Seguridade e hixiene no traballo en acuicultura.	Sector cultivo de moluscos.	9-10 de novembro	Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico de Vigo
Acui1704	Seguridade e hixiene no traballo en acuicultura.	Sector cultivo de moluscos.	2-3 de novembro	Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ribeira
Acui1705	Seguridade e hixiene no traballo en acuicultura.	Sector cultivo de moluscos.	9-10 de novembro	Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ribeira
Acui1706	Seguridade e hixiene no traballo en acuicultura.	Sector cultivo de moluscos.	2-3 de novembro	Aula confraría Muros
Acui1707	Seguridade e hixiene no traballo en acuicultura.	Sector cultivo de moluscos.	9-10 de novembro	Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol
Acui1708	Seguridade e hixiene no traballo en acuicultura.	Sector Piscicultura continental	23-24 de novembro	Facultade de Veterinaria de Lugo



Acui1709	Seguridade e hixiene no traballo en acuicultura.	Sector Piscicultura continental	2-3 de novembro	Aula de extensión pesqueira de Fisterra
Acui1710	Seguridade e hixiene no traballo en acuicultura.	Sector Piscicultura Mariña	2-3 de novembro	Aula de extensión pesqueira de Burela ou Celeiro
Acui1711	Seguridade e hixiene no traballo en acuicultura.	Sector Piscicultura Mariña	16-17 de novembro	Aula de extensión pesqueira de Burela ou Celeiro
Acui1712	Seguridade e hixiene no traballo en acuicultura.	Sector Piscicultura Mariña	9-10 de novembro	Aula confraría Camariñas
Acui1713	Seguridade e hixiene no traballo en acuicultura.	Sector Piscicultura Mariña	16-17 de novembro	Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico de Vigo
Acui1714	Seguridade e hixiene no traballo en acuicultura.	Sector Piscicultura Mariña	16-17 de novembro	Aula confraría Muros
Acui1715	Comercialización en acuicultura.	Sector Cultivo de moluscos	30 novembro-1 de decembro	Instituto Galego de Formación en Acuicultura-Illa de Arousa
Acui1716	Comercialización en acuicultura.	Sector Cultivo de moluscos	23-24 de novembro	Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ribeira
Acui1717	Comercialización en acuicultura.	Sector Cultivo de moluscos	30 novembro-1 de decembro	Aula confraría Muros
Acui1718	Comercialización en acuicultura.	Sector Cultivo de moluscos	30 novembro-1 de decembro	Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico de Vigo
Acui1719	Nutrición, patoloxía e xestión sanitaria	Sector Piscicultura continental	30 novembro-1 de decembro	Aula de extensión pesqueira de Burela ou Celeiro
Acui1720	Nutrición, patoloxía e xestión sanitaria	Sector Piscicultura continental	30 novembro-1 de decembro	Aula de extensión pesqueira de Fisterra

Se nalgunha das zonas previstas non se acadase a demanda suficiente, poderase anular a realización do curso e incrementar o número de cursos noutra zona onde o alumnado supere as prazas convocadas. Tamén dependendo da demanda se poderán facer cambios na tipoloxía dos cursos.

**Terceira.** A documentación a presentar polos aspirantes aos cursos será:

1. Solicitude Anexo I
2. Fotocopia do NIF/NIE
3. Fotocopia da alta e último recibo para os autónomos, certificado de empresa para os traballadores por conta allea, ou calquera outro documento que acredite a súa condición de profesional da acuicultura.
4. Para aqueles que acudan na súa condición de conxuxe ou parella de feito de traballadores autónomos, ademais de acreditar a condición de autónomo da súa parella ou conxuxe, deberán presentar o libro de familia ou documento que acredite a relación de parella dun profesional acuícola.

Non recibirán certificado de asistencia aquelas persoas que no momento do inicio do curso non teñan completada a entrega de toda a documentación requirida.

**Cuarta:** Dada a duración do curso non se admitirán faltas de asistencia e deberá respectarse ao máximo a puntualidade. A acumulación de retrasos de máis de 45 minutos suporá a perda do dereito a recibir certificado de asistencia.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a Consellería do Mar, no prazo dun mes, desde a notificación da presente resolución, segundo se dispón nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, a 16 de outubro de 2017

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro



Susana Rodríguez Carballo



**ANEXO I**

<b>MATRÍCULA DOS CURSOS (Nome e código)</b>
---

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

<b>APELIDOS</b>	<b>NOME</b>	<b>NIF</b>

<b>ENDEREZO</b>	<b>CONCELLO E PROVINCIA</b>

<b>CÓDIGO POSTAL</b>	<b>CORREO ELECTRÓNICO</b>	<b>TELÉFONO</b>

**EXPÓN:**  
 Que reúne todos os requisitos para realizar o curso(s) de aprendizaxe permanente en acuicultura que terá(n) lugar en \_\_\_\_\_ o que acredita achegando a seguinte documentación:

- Fotocopia do NIF/NIE
- Fotocopia da alta e último recibo para os/as autónomos/as, certificado de empresa, ou documento que acredite a súa condición de profesional da acuicultura
- Libro de familia ou documento que acredite a relación de parella dunha persoa profesional da acuicultura (se é o caso)

**SOLICITA:**  
 A matrícula nos citados cursos financiábel nun 75% polo fondo europeo FEMP no Programa Operativo FEMP 2014-2020

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na Lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

Lugar e data:

Sinatura:

Servizo de Ensino e Titulacións Náutico-Pesqueiras da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro  
 Rúa dos Irmandiños s/n - 15701 Santiago de Compostela  
[ensino.mar@xunta.es](mailto:ensino.mar@xunta.es)